



Preguntas frecuentes Xanela Aberta ao Sur

Que é Xanela Aberta ao Sur?

É un programa de formación e sensibilización co que se pretende achegar a realidade de pobos do Sur á nosa sociedade, ben coa participación nas xornadas formativas ou ben coa organización dunha viaxe grupal para coñecer o traballo dunha organización local en tres países: Brasil, Ecuador e Marrocos. Este proceso, a través de diferentes actividades, trata de cuestionar as nosas crenzas e valores e contribuír a derribar moitos dos estereotipos e prexuízos das relacións entre o Norte e o Sur. NON é un programa de lecer solidario; NON é un programa de turismo sustentable; e, por suposto, NON é un programa de cooperación.

Cal é o obxectivo de Xanela Aberta ao Sur?

O obxectivo é *'acompañar'* ás persoas participantes para compoñer grupos de traballo que completarán a súa formación cunha viaxe na que, por espazo dun mes, visitarán organizacións coas que [AMARANTE](#) Setem mantén un traballo de colaboración. Pese a que o obxectivo é coñecer 'in situ' o traballo dunha parcería, pódese participar nas actividades de formación aínda que non se teña pensado facer a viaxe.

Que fases ten o programa?

Son tres as fases. **FORMACIÓN** antes da viaxe (febreiro a xuño), **PARTICIPACIÓN** durante a viaxe (xullo ou agosto) e **AVALIACIÓN** e **SENSIBILIZACIÓN** trala convivencia coas organizacións do Sur (setembro a novembro).

Cales son as datas e lugares das xornadas de formación?

- 1ª Xornada formativa: 24 de marzo. Compostela.
- 2ª Xornada formativa: 14 e 15 de abril. Rianxo (fin se semana de convivencia)
- 1ª Xornada específica: 12 de maio. Compostela.
- 2ª Xornada específica: 26 de maio. Compostela.
- Estancias no Sur: xullo ou agosto.
- Avaliación: 15 de setembro. Compostela.

Cales son as organizacións de destino?

Movimento dos Traballadores Rurais sem Terra (MST)_Brasil [saber máis](#)

Ten nos seus principios tres grandes obxectivos polos que loita: o reparto igualitario da terra, a reforma agraria e a transformación social

Maquita Cushunchic-Comercializando como Hermanos (MCCH)_Ecuador [saber máis](#)

As liñas de acción da Fundación MCCH agrúpanse en catro áreas: proxectos de desenvolvemento social, programas de capacitación, programas de influencia social e empresas de economía social.

Asociación Attawassoul_Marrococ [saber máis](#)

O traballo da organización é a defensa das condicións laborais das traballadoras, o impulso de actividades de alfabetización de mulleres e implusar traballo de lecer e formación.

Cales son as datas das viaxes?

É condición que as viaxes teñan lugar os meses de xullo e agosto, salvo a Marrococ que será en xullo por causas de organización da parcería, Asociación de Mulleres Attawassoul. Son as persoas que forman os grupos as encargadas de consensuar a data que lles convén mellor.

Cal é o custe das viaxes?

[AMARANTE](#) Setem non asume ningún custe senón que son as propias persoas que viaxan as que organizarán en grupo a súa viaxe. Corren pola súa conta os gastos do billete de avión, transporte e estancia no país de acollida e calquera outro gasto derivado da viaxe. Ademáis, [AMARANTE](#) Setem xestionará un seguro de viaxe que correrá pola conta de cada persoa que viaxe.

Que teño que facer para participar?

Ter gañas de participar e aprender. Poderás formar parte do grupo sempre que sexas maior de 18 anos e fagas a inscrición de praza.

Para facer a viaxe é necesario completar todo o proceso de formación; é dicir, asistir as cinco xornadas de formación e, na medida das túas inquedanzas, intervir na aprendizaxe. Por outra banda, a Comisión de Traballo do Xanela pode decidir sobre a conveniencia ou non de que algunha persoa participe nas xornadas ou faga a viaxe tras completar a formación. Nese caso, a persoa(ou persoas) terá(terán) o dereito a coñecer a xustificación da decisión tomada.

Cando e como me podó inscribir?

Abrirase o prazo de inscrición o **6 de febreiro** e pecharase o **22 de marzo de 2012**. Podes formalizar a reserva enviando un correo electrónico cos datos persoais ao enderezo educacion@amarantesetem.com (asunto: Xanela 2012) ou ben chamando aos seguintes números de teléfono: 981 584 713 ou 986 848 159.

As xornadas de formación, teñen algún custe?

TRINTA euros (30€) para as persoas que traballan e **VINTE euros (20€)** para aquelas que estudan ou que se atopan en situación de desemprego. O pago realizarase unha vez se formalice a inscrición segundo as canles nomeadas anteriormente.

Aínda non teño claro algunhas dúbidas, como podo resolvelas?

Podes chamar ao **981 584 713** ou **986 848 159**, escribir un correo a educacion@amarantesetem.org ou ben achegarte por algún dos [locais](#) AMARANTE Setem.